**INFORME PROPOSTA** **Expte 1443-1102**

**ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** En data 11.05.2023 Dna [redacted] solicitou copia dos documentos presentados no rexistro xeral do Concello de Vigo e na sede electrónica por sindicato nacional de CCOO e/ou por persoa ou persoas actuantes no seu nome dende o 14/02/2006 ata a actualidade, dirixidos ás unidades xestoras con códigos 220, 2202; e 105 (neste último caso, unicamente se solicita copia daqueles documentos nos que o seu contido verse sobre materias relativas á xestión pública do persoal municipal e relacións laborais e á actividade de prevención de riscos laborais que se xestiona dende os ámbitos organizativos destinados ás concretas materias sinaladas)

**SEGUNDO.-** En data 12.06.2023, a vista do informe da área de RRHH e Persoal de data 12.06.2023 resolveuse ampliar o prazo de resolución da solicitude de acceso a información formulada por Dª [redacted] en data 11.05.2023 polo prazo dun mes.

**TERCEIRO.-** Trala solicitude, constan emitidos a petición desta Secretaría, informe da unidade de prevención de riscos laborais de 5.06.2023 , informe da área de RRHH e Formación de data 12.06.2023 e escrito da concelleira delegada responsable do buzón 105 de data 25.05.2023.

**CUARTO.-** En data 6.06.2023 don [redacted] en calidade de Secretario da Sección Sindical de CCOO no Concello de Vigo presenta escrito no rexistro electrónico do Concello no que manifesta que " *Que este sindicato, a través de las quejas que nos han sido trasladadas por distintos empleados/as municipales, ha tenido reciente conocimiento de que, supuestamente, ha accedido Ud. a una petición genérica cursada por una ciudadana, en tal condición, por la que interesaba copia de todos los escritos dirigidos por esta sección sindical, a esta administración, desde el año 2006."e REQUIRE* que se lle facilitada copia do suposto escrito presentado pola citada ciudadana, así como da resolución administrativa que diera lugar al acceso peticionado.

**QUINTO-** Por resolución de data 14.07.2023 conferiuse trámite de audiencia a Sección Sindical de CCOO no Concello de Vigo ao abeiro do artigo 19.3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno. Consta trámite 47 de notificación enviada con data 17.07.2023.

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 11:36:42 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 16/10/2023 15:16:44 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 15:17:36

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 11:36:42 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 16/10/2023 15:16:44 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 15:17:36

Documento asinado

**SEXTO.-** Por Resolución de data 21.07.2023 comunicouse a Dna [redacted] que en data 14.06.2023 conferiuse á Sección Sindical de CCOO no Concello o trámite de audiencia ao abeiro do disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro. No mesmo acto suspendeuse o prazo para ditar resolución dende a data de remisión da notificación (17.07.2023) ata que se reciban as alegacións ou transcorra o prazo para súa presentación.

**SÉTIMO-** En data en data 20/07/2023 [redacted] a través do rexistro electrónico presenta escrito de alegacións e solicita a recusación dos funcionarios adscritos á Area de RRHH e Persoal e Prevención de riscos laborais en expte de información pública 1443/1102.

**OITAVO.-** En data 21.07.2023 deuse traslado a [redacted] como técnico informante adscritos á área de RRHH e Formación no expediente da solicitude de recusación.

**NOVENO.-** En data 26.07.2023 por Resolución da Concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal suspendeuse o prazo para ditar resolución do procedemento de acceso a información pública con efectos de data 20.07.2023 e ata que se resolva a solicitude de recusación formulada pola sección sindical CCOO. No mesmo acto acordouse conferir trámite de audiencia polo prazo de quince días aos efectos de presentar o escrito de alegacións e documentación que consideren oportunas.

**DÉCIMO.-** En data 22.08.2023, e trala emisión dos informes por parte do persoal empregado público informante no expediente, por Resolucións da Concelleiro delegado de Área desestimouse a solicitude formulada polo Secretario da sección sindical de CCOO no Concello de recusación do persoal empregado público adscrito á área de RRHH e Formación en expediente de acceso a información públicas solicitado . No mesmo acto acordouse o levantamento da suspensión do prazo para ditar resolución do procedemento de acceso a información pública.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Por Resolución da concelleira da Área de Goberno de data 25.08.2023 concedeuse as seccións sindicais CIG, UXT, e SICO-CSIF no Concello de Vigo trámite de audiencia polo prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte a presente notificación achegando os seguintes documentos

- Solicitude formulada en data 11.05.2023 previa anonimización de datos personais
- Informes dos servizos xestores Informe da unidade de prevención de riscos laborais de 5.06.2023; Informe da área de RRHH e Formación de data 12.06.2023; Escrito da concelleira delegada responsable do buzón 105 de data 25.05.2023.
- Escrito de CCOO e CIG do 03/03/17. (buzón 105)
- Escrito de CCOO, CIG, UXT e SICO do 13/10/20. (buzón 105)

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 11:36:42 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 16/10/2023 15:16:44 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 15:17:36

Documento asinado

- Escrito de CCOO, CIG e SICO do 06/10/20. (buzón 105)
- Escrito de CCOO, CIG e UXT do 26/07/17 (PRL)
- Escrito de CCOO e CIG do 09/09/09. (RRHH)
- Escrito de CCOO e CIG do 20/07/09. (RRHH)
- Escrito de CCOO e CIG do 23/01/17. (RRHH)
- Escrito de CCOO, CIG, UXT e SICO-CSIF do 20/04/11 (RRHH)

No mesmo acto suspendeuse o prazo para ditar resolución do procedemento de acceso a información pública ata que se reciban as alegacións ou transcorra o prazo para súa presentación.

Trala práctica das notificación non consta no expediente alegacións presentadas polo que procede a resolución do expediente.

**LEXISLACION APLICABLE**

- Constitución Española de 1978
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (LTAIBG)
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD)
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (RGPD)

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**PRIMEIRO.- Do acceso á información.-**

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

*Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."*

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 11:36:42 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 16/10/2023 15:16:44 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 15:17:36

Documento asinado

maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese especifico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública "*los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones.*" É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: "*El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información".*

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividad" (art. 1 de la LTAIBG).*

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que *"A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."*
A este respecto, cabe lembrar que aínda que o artigo 13 -en relación co artigo 12 da LTAIBG- recoñece o dereito dos cidadáns para acceder a información pública obrante nos organismos e entidades incluídos no seu ámbito de aplicación, non é menos certo que dita norma indica, no apartado 1 da súa Disposición Adicional Primeira, que *"A normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo".*

Respecto a esta disposición, e conforme a resolución do CTBG núm. 198/2022, deben formularse algunhas consideracións para que poida ser invocada como motivo de inadmisión: primeiro, debe existir un específico procedemento administrativo aplicable ao caso; segundo, o reclamante debe ser un interesado no mesmo; e, finalmente, terceiro, o procedemento debe estar en curso.

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 11:36:42 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 16/10/2023 15:16:44 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 15:17:36

Documento asinado

Neste punto cómpre sinalar que non consta, a vista dos informes dos servizos xestores, a existencia dun procedemento administrativo específico polo que a solicitudes presentadas tramitarase como solicitude de acceso a información ao abeiro da LTAIBG.

**SEGUNDO.- Da solicitude formulada pola interesada.-**

A solicitante interesa copia dos documentos presentados no rexistro xeral do Concello de Vigo e na sede electrónica por sindicato nacional de CCOO e/ou por persoa ou persoas actuantes no seu nome dende o 14/02/2006 ata a actualidade, dirixidos ás unidades xestoras con códigos 220, 2202; e 105 (neste último caso, unicamente se solicita copia daqueles documentos nos que o seu contido verse sobre materias relativas á xestión pública do persoal municipal e relacións laborais e á actividade de prevención de riscos laborais que se xestiona dende os ámbitos organizativos destinados ás concretas materias sinaladas). E posteriormente sinala que a *"solicitud de acceso a información pública efectuada tiene por finalidad la tutela jurisdiccional de derechos fundamentales al honor, a la intimidad personal y familiar y a la propia imagen, así como del derecho fundamental a la igualdad de trato y a la no discriminación por razón de sexo en el ejercicio de sus funciones profesionales en el Ayuntamiento de Vigo; derechos fundamentales de los que es titular la funcionaria firmante, de conformidad con lo establecido en la vigente Constitución Española de 1978, y en los términos de lo establecido en la Ley orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva entre mujeres y hombres; Ley 15/2022, de 12 de julio, integral para la igualdad de trato y la no discriminacion; y restante normativa cuya aplicación corresponda."*

En data 15.05.2023 solicitouse a unidade de prevención de riscos laborais de 5.06.2023 , informe da área de RRHH e Formación e concelleira delegada responsable do buzón 105, como órgano xestor do expediente cuxo acceso se solicita para que no prazo de **dez días** emitisen informe sobre a solicitude de acceso e achegasen, se procede, a documentación solicitada previa aplicación dos límites do dereito de acceso (artigo 14 LTAIBG) e verificación da existencia de datos persoais (artigo 15 LTAIBG). No mesmo requirimento sinálase así mesmo de concorrer unha causa de inadmisión da solicitude de acceso á información das enumeradas no artigo 18 da LTAIGB deberá emitirse informe debidamente motivado.

En data 5.06.2023 emitiuse informe da unidade de prevención de riscos laborais no que sinala " *De acordo co artigo 14 Límites ao dereito de acceso da LTAIB, a información solicitada non está en ningún dos supostos nos que o dereito de acceso podería ser limitado. Foi verificada a existencia de datos e estes foron tratados co obxecto de dar cumprimento ao artigo 15 da mesma lei, permanecendo unicamente aqueles que son de público coñecemento (nomes e apelidos dos representantes sindicais de CCOO, que figuran publicados no portal de transparencia do Concello de Vigo).*

*Os documentos presentados no rexistro xeral do Concello de Vigo e na sede electrónica polo sindicato nacional de CCOO e/ou persoa ou persoas actuantes no seu*

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 11:36:42 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 16/10/2023 15:16:44 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 15:17:36

Documento asinado

*nome son os que a continuación se relacionan, salvo omisión allea á vontade e intención da técnica que asina. Estes documentos remítense a través da nube no enlace* [redacted] *segundo as instrucións da súa solicitude de informe:*

*O interesado D.xxxx presentou os seguintes documentos no rexistro electrónico en representación da sección sindical CCOO:*

- *Expediente 638/2202 en data 25/04/2019 "Escrito elaboración de un cuestionario de sensibilización de psicosociais no servizo de emprego"*
- *Expediente 1050/2202 en data 24/04/2020 "Solicitude modificación protocolos fronte o COVID - 19"*
- *Expediente 1278/2202 en data 24/05/2021 "Solicitude copia do requirimento cursado pola Inspección Provincial de Traballo ao Concello de Vigo (Doc. 210081610)".*

*O interesado D. xxxx presentou o seguinte documento no rexistro electrónico en representación da sección sindical CCOO:*

- *Expediente 1768/2202 en data 16/03/2023 "Delegado prl e ccoo informan situación anómala vestiario + epi motoristas/umir policía local novo ingreso e estado dos cascos de protección integral".*

*A interesada Dª.xxxx presentou os seguintes documentos no rexistro electrónico en representación da sección sindical CCOO:*

- *Expediente 442/2202 en data 20/11/2018 "Comunican que o servizo de bombeiros non esta respetando os tempos de descanso entre os quendas de traballo, obrigando a dobrar quendas, solicitan a subsanación desta deficiencia"*
- *Documento 180194287 en data 05/12/2018 "Denuncia incumprimento acordo XGL"*
- *Expediente 643/2202 en data 31/01/2019 "Solicitude copia avaliación de riscos laborais da Policía Local"*

*A sección sindical Comisións Obreiras presentou os seguintes documentos no rexistro electrónico:*

- *Expediente 75/2202 en data 26/07/2017 "Solicitan tramite de estudo e aprobación de segunda actividade no SEIS""*

En data 25.05.2023 a concelleira delegada responsable do buzón 105 emite informe que literalmente dí

*" Compre aclarar previamente, que o buzón 105, na actualidade denominado Economía e Empresa (con anterioridade a 18.07.2019 chamado primeiro Xestión Municipal e despois Organización Municipal) tiña como función principal a recepción de documentos/expedientes na meirande parte para o despacho e indicacións do*

*Concelleiro ou Concelleira que tiña delegada a área de RRHH e Formación entre outras, polo que eran remitidos ó servizo xestor correspondente, non estando actualmente neste buzón; non obstante, efectuadas as búsquedas respecto dos documentos e expedientes que figuran no buzón 105 e demáis buzóns vinculados ao mesmo (arq105, antiguos.2007.2011, e antiguos.2011.2015) relacionadas coa sección sindical de CCOO ou representantes da mesma, achégase copia dos seguintes:*

*ANEXO 1*

*170031871*

*200078535*

*161/105*

*200110925*

*163/105*

*164/105*

*200124809*

*ANEXO 2*

*170/105*

*171/105*

*178/105*

*184/105*

*210042685*

*25721/220*

*Infórmase ademáis que no buzón "antiguos.2007.2011" vinculado ao xenérico 105, figuran arquivados os documentos que a continuación se relacionan, dos que non figura copia escaneada no propio documento da aplicación xestión de expedientes, nin se conserva o documento orixinal en soporte papel, polo que non se pode facilitar copia dos mesmos. Estos son:*

*80050383*

*90023731*

*110079250*

*110083570*

*110108982*

*110104950*

*120019500"*

En data 19.06.2023 emitese informe da área de RRHH e Formación

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 11:36:42 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 16/10/2023 15:16:44 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 15:17:36

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 11:36:42 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 16/10/2023 15:16:44 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 15:17:36
Documento asinado

***"1.- DEREITO DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA***

*-A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información pública e Bo Goberno, regula no seu Capítulo III o Dereito de acceso á información pública.*

*Por un lado, o artigo 12 da cita lei dispón que :*

*"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105.b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

*Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."*

*O artigo 17.3 establece:*

*"Artículo 17. Solicitud de acceso a la información.*

*3. El solicitante no está obligado a motivar su solicitud de acceso a la información. Sin embargo, podrá exponer los motivos por los que solicita la información y que podrán ser tenidos en cuenta cuando se dicte la resolución. No obstante, la ausencia de motivación no será por si sola causa de rechazo de la solicitud."*

*En este caso, ademais, consta que interesada desempeñou o posto de xefa unidade de persoal (Decreto de Alcaldía do 14 de febreiro de 2006) que foi redenominado como xefe/a do Servizo de Recursos Humanos coa aprobación da RPT do ano 2008 aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 4 de agosto de 2008 e publicada no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra o día 10 de setembro de 2008. Posteriormente, xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (acordo de Xunta de Goberno Local e resolución de data 4 de marzo de 2016), posto que ocupa na data actual.*

***- Documentación dirixida á unidade xestora 220***

*Achégase a documentación presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo e na sede electrónica por sindicato nacional de CCOO e/ou por persoa ou persoas actuantes no seu nome, dende o 14/02/2006 ata a actualidade, salvo erro ou omisión, dado que en parte do período ao que se refire a solicitude a documentación non figura dixitalizada na xestión de expedientes.*

*Igualmente infórmase que podería darse a existencia de máis escritos dirixidos por parte do mesmo sindicato a esta Área de Recursos Humanos, pero que non foran presentados a través do rexistro xeral (como pode ser aqueles que foran presentados unicamente a través do programa de xestión de expedientes) polo que non se incluirían na información que agora se facilita xa que, acorde coa solicitude da interesada, á búsqueda da información limitouse á estritamente presentada polo citado rexistro.*

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 11:36:42 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO )
16/10/2023 15:16:44 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 15:17:36

Documento asinado

***- Documentación dirixida á unidade xestora 2202***

*A documentación relacionada co Servizo de prevención de riscos laborais e obrante no buzón 2202 foi revisada e remitida polo devandito servizo.*

***- Documentación dirixida á unidade xestora 105***

*Non se dispón de permiso por parte desta Área para visualización da documentación que figura na xestión de expedientes nos buzóns 105 e arq105, polo que non é posible achegar a documentación solicitada coa excepción do expediente 199/105 por figurar en data actual no buzón arq220.*

***CONCLUSIÓN***

*En consecuencia, unha vez recibida a resolución, no caso de que así o considere o órgano competente para resolver, procederase a facilitar copia de toda a documentación mediante o seguinte enlace habilitado a tal efecto e durante o prazo que así se establezca na devandita resolución:*

[redacted]

**SEGUNDO.- Das alegación presentadas polo interesado: sección sindical de CCOO no Concello de Vigo.**

No expediente, e conforme o sinalado no artigo 19.3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno., conferiuse trámite de audiencia a Sección Sindical de CCOO quen presenta alegacións baseándose no seguinte

a) A información solicitada pola cidadá non foi elaborada nin adquirida pola Administración Municipal no exercicio das súas funcións. A solicitude da cidadá non é a "actividade pública" do Concello nin os seus órganos de goberno, senón a acceso a actividade exercida por un sindicato no exercicio das súas competencia sindicais que lle outorga a lei orgánica de liberdade sindical. Considera que os documentos solicitados constitúen propiedade intelectual de CCOO protexido polo RD 1/1996, do 12 de abril polo que está excluído do acceso a información (artigo 14 da LTAIBG) da e que aos mesmos so poden acceder quen ostente a condición de interesado.

b) Que conforme o artigo 15 da LTAIBG e ao conter documentos que poden afectar a afiliación sindical so poderá autorizarse o acceso con consentimento do afectado polo que o secretario da sección sindical de CCOO oponse a que sexan divulgadas ou difundido ningún documentado por el perante esta ou outra administración.

c) Considera que conforme a a DA 1ª da LTAIBG os escritos presentados polo sindicato se encadra nalgún dos procedementos regulados na normativa sectorial especifica.

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 11:36:42 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 16/10/2023 15:16:44 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 15:17:36

Documento asinado

d) Considera que procede a inadmisión da solicitude considerando que a documentación solicitada constitúe información auxiliar o de apoio (artigo 18.1.b LTAIBG) por ter a solicitude carácter abusivo non xustificado (artigo 18.1.e LTAIBG)

e) Oponse ao acceso a información (artigo 19.3 e 22.2 LTAIBG)

Alegacións alegacións a) e d)

Faise constar que o dereito de acceso á información pública está recoñecido na LTAIBG como un dereito público subxectivo ao establecer que «todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, desenvoltos por esta Lei»: A propia Exposición de Motivos da Lei configura de forma ampla dito dereito, dispoñendo que son titulares todas as persoas e que poderá exercerse sen necesidade de motivar a solicitude, e que soamente se verá limitado naqueles casos en que sexa necesario pola propia natureza da información –derivado do disposto na Constitución Española- ou pola súa entrada en conflito con outros intereses protexidos, indicando expresamente que, en todo caso, os límites previstos aplicaranse atendendo a un test do dano –do interese que se salvagarda co límite- e do interese público na divulgación, de forma xustificada, proporcionada e limitada polo seu obxecto e finalidade e atendendo ás circunstancias do caso concreto.

Así mesmo o concepto de información pública definido polo artigo 13 da LTAIBG, que no fai ningunha distinción por razón do interese público ou privado que presente a solicitude.

Neste senso o Consejo de Transparencia e Bo Goberno en Resolución 1064/2021 determina que "*esta formulación amplia en el reconocimiento y en la regulación legal del derecho de acceso a la información obliga a interpretar de forma estricta, cuando no restrictiva, tanto los límites a este derecho que se contemplan en el artículo 14.1 LTAIBG como las causas de inadmisión enumeradas en el artículo 18.1 LTAIBG. Así lo ha proclamado el Tribunal Supremo en su Sentencia de 16 de octubre de 2017, dictada en el Recurso de Casación no 75/2017 (ECLI:TS: en la que sostiene que «Cualquier pronunciamiento sobre las "causas de inadmisión" que se enumeran en el artículo 18 de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, (...) debe tomar como premisa la formulación amplia y expansiva con la que aparece configurado el derecho de acceso a la información en la Ley 19/2013." (...) "Esa formulación amplia en el reconocimiento y en la regulación legal del derecho de acceso a la información obliga a interpretar de forma estricta, cuando no restrictiva, tanto las limitaciones a ese derecho que se contemplan en el artículo 14.1 de la Ley 19/2013 como las causas de inadmisión de solicitudes de información que aparecen enumeradas en el artículo 18.1.(...) sin que quepa aceptar limitaciones que supongan un menoscabo injustificado y desproporcionado del derecho de acceso a la información."*

Este criterio reiterouse en sentenzas de 10 de marzo de 2020 (recurso 8193/2018), 11 de xuño de 2020 (recurso 577/2019), 19 de novembro de 2020 (recurso 4614/2019) e 29 de decembro de 2020 (recurso 7045/2019).

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 11:36:42 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 16/10/2023 15:16:44 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 16/10/2023 15:17:36

Documento asinado

A seccións sindical CCOO alega que a información non foi elaborada nin adquirida pola Administración Municipal no exercicio das súas funcións e solicita a súa inadmisión considerando que a documentación solicitada constitúe información auxiliar o de apoio (artigo 18.1.b LTAIBG) por ter a solicitude carácter abusivo non xustificado (artigo 18.1.e LTAIBG).

En relación a información auxiliar o artigo 18.1 LTAIBG determinan que se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes:

b) Referidas a información que teña carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumes, comunicacións e informes internos ou entre órganos o entidades administrativas.

Respecto a causa de inadmisión prevista no artigo 18.1.e LTAIBG o Consello de Transparencia e Bo Goberno (CTBG) en criterio CI/006/2015, de 12 de novembro de 2015, considera que unha solicitude de información auxiliar ou de apoio, como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas, poderá ser declarada inadmitida a trámite cando se dean, entre outras, algunha das seguintes circunstancias:

1. Cando conteña opinións ou valoracións persoais do autor que non manifesten a posición dun órgano ou entidade.
2. Cando o solicitado sexa un texto preliminar ou borrador sen a consideración de final.
3. Cando se trate de información preparatoria da actividade do órgano ou entidade que recibe a solicitude.
4. Cando a solicitude refírase a comunicacións internas que non constitúan trámites do procedemento.
5. Cando se trate de informes non preceptivos e que non sexan incorporados como motivación dunha decisión final. Por último, debe terse en conta que a motivación que esixe a Lei 19/2013, para que operen as causas de inadmisión ten a finalidade de evitar que se denegue información que teña relevancia na tramitación do expediente ou na conformación da vontade pública do órgano, é dicir, que sexa relevante para a rendición de contas, o coñecemento da toma de decisións públicas, e a súa aplicación. Estas en ningún caso terán a condición de informacións de carácter auxiliar ou de apoio.

A solicitante interesa a copia dos documentos presentados no rexistro xeral do Concello de Vigo e na sede electrónica por sindicato nacional de CCOO. Cómpre indicar que os informes remitidos polo servizos xestores non fan constar a concorrencia de esta causa de inadmisión na solicitude formulada.

O Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Vigo é a canle para o rexistro de entrada e saída de documentos (artigo 19 da Ordenanza de Administración Electrónica) e admitirá

a) Documentos electrónicos normalizados correspondentes aos servizos, procedementos e trámites que se especifiquen conforme o disposto na norma de creación do rexistro cubertos de acordo cos formatos preestablecidos.

b) Calquera solicitude, escrito, comunicación distintas dos mencionados no paragrafo anterior dirixido a calquera Administración Pública.

Así mesmo en relación as comunicacións internas, o artigo 24.2 da Ordenanza sinala "*Todas as comunicacións internas entre órganos, servizos e unidades administrativas municipais, así como cos órganos de representación sindical e sindicatos que teñan sección sindical no Concello de Vigo, realizaranse por medios electrónicos. As ditas comunicacións internas, cando corresponda, poderanse asinar dixitalmente pola ou polo empregado público."* E por isto que os documentos presentados por rexistro electrónico non constitúen comunicacións internas.

E por isto polo que procede desestimar neste punto a alegación do secretario da sección sindical de CCOO en tanto que os documentos presentados polo rexistro electrónico non constitúen información de carácter auxiliar ou de apoio nos termos sinalados polo CTBG e os órganos xestores non constatan a concorrencia desta causa de inadmisión.

Respecto a causa de inadmisión de solicitudes que sexan manifiestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia desta Ley (artigo 18.1.e) da LTAIBG cómpre sinalar o seguinte:

O Criterio Interpretativo nº 37, aprobado no 2016 por este Consello de Transparencia e bo Goberno (CTBG) en exercicio das competencias legalmente atribuídas polo artigo 38.2 a) da LTAIBG, no que, en resumo, indícase o seguinte:

"2.2. Respecto do carácter abusivo da petición de información.

